

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) PARA A FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA DO
PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA E DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE
XUSTIZA PARA O ANO 2016**

En Santiago de Compostela, a 18 de marzo de 2016

REÚNENSE:

- [REDACTED], conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; na súa redacción dada na Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de acordo co seu nomeamento no Decreto 15/2015 do 9 de febreiro de 2015, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, que publicou o DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- [REDACTED], directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada no Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134, do 13 de xullo) que actúa en nome e representación da EGAP en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, que modifica a Lei 10/1989, do 10 de xullo.

EXPOÑEN:

1. Que as dúas partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto nas seguintes normas:
 - a) A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e máis do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como



que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1).

- b) Así mesmo, o artigo 11 da citada lei contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.
- c) A vixente Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, establece entre os seus fins, organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración pública da comunidade autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega (artigo 3. 1.c) e i).

2. Que, así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega (PNL), aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración autonómica:

- Consegur unha mellora das actitudes do funcionariado cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional; conseguir, así mesmo, que practiquen unha oferta positiva que xeneralice o uso do galego na Administración.
- Consegur que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

O propio PNL prevé unha serie de medidas concretas para acadar os citados obxectivos:

- Programar un novo proceso de formación lingüística do funcionariado que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.
- Redeseñar os cursos de actualización técnica do funcionariado de xeito que, fóra de caso extremos, esa formación técnica se dea en lingua galega.
- Reforzar o papel da EGAP. Crearase nela un departamento que planifique a formación lingüística na súa actividade, de xeito que todos os cursos técnicos se dean en galego ou que, polo menos, se reserve un 25% das clases para facilitarlle



ao alumnado toda a terminoloxía técnica desta materia en galego, para facer prácticas de expresión e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida senón a actitude positiva cara á lingua.

- Establecer conexión permanente da EGAP co Servizo de Terminoloxía Científico-técnica en Lingua Galega (Termigal) e cos demais centros que traballan en terminoloxía lingüística.

3. Que é o briga e vontade expresa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Escola Galega de Administración Pública potenciar o uso do galego no ámbito da Administración autonómica nos termos indicados nas normas anteriores.

4. Que consideran e se recoñecen as competencias mutuas; así recoñecen que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten, entre outras competencias, as de promoción e ensino da lingua galega, e que a Escola Galega de Administración Pública ten, entre outras, a competencia de formación do persoal ao servizo das Administracións e a de promoción e difusión do idioma galego.

Polo anteriormente exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración para o ano 2016, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O presente convenio establece as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante Consellería) e a Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) para potenciar actividades de normalización do uso do galego na Administración Autonómica, especialmente no campo da formación do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma, das entidades locais galegas, da Administración de xustiza de Galicia, dos entes instrumentais do sector público autonómico, das institucións públicas autonómicas e do persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas, para o ano 2016.

Segunda.- Actividades

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Escola Galega de Administración Pública comprométense a colaborar para impartir cursos de formación en linguaxe administrativa galega e en linguaxe xurídica galega, nivel superior e medio, para o persoal sinalado na cláusula primeira.

Para a execución das anteriores actuacións, a Escola Galega de Administración Pública, dentro da programación das actividades de formación para o ano 2016, inclúe unha oferta formativa un total de 21 cursos de linguaxe administrativa galega e/ou de linguaxe xurídica galega de nivel superior e medio para os colectivos que forma parte do seu Plan de formación conforme á seguinte distribución.

Terceira.- Programación e selección dos alumnos

A Escola Galega de Administración Pública realizará a programación específica dos cursos de acordo coas necesidades de formación do persoal ao servizo da Administración Autonómica, e do persoal ao servizo da administración de xustiza, determinando localidades, horarios, lugares e modalidades, de selo caso, onde se impartirán os cursos. Así mesmo, corresponderalle a selección dos alumnos asignados a cada curso de acordo cos seus propios criterios de selección e coa oferta de prazas dispoñibles.

Os cursos que se programen ao abeiro deste convenio de colaboración impartiranse de conformidade co establecido na Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG do 24 de xuño). O número de participantes en cada curso non poderá ser inferior a 20 nin superior a 30. No caso de que resulten prazas vacantes procederase a ofrecerlles as vacantes aos solicitantes que non obtivesen praza na selección inicial.

Cuarta.- Financiamento

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organizase do seguinte xeito:



- **A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, asume o seguinte gasto que xestionará como se indica:

.Financiamento e xestión dos gastos de coordinación de seis cursos por un importe de 1.800€ con cargo á aplicación 10.30.151A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2016, na que existe crédito axeitado e suficiente.

.Xestión do gasto do profesorado correspondente a 21 cursos, para o que a EGAP efectuará a consellería unha transferencia de crédito por un importe de 85.785 euros.

- A **EGAP** financia o seguinte:

Gastos do profesorado de 21 cursos por un importe de 85.785 euros con cargo a partida orzamentaria 05.80.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016. O dito gasto será xestionado pola consellería unha vez reciba a transferencia do crédito.

A coordinación e xestión de quince cursos, así como calquera outro gasto necesario para a súa realización, polo importe de 3.750 euros con cargo á aplicación 05.80.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

A EGAP asume o financiamento do gasto do profesorado correspondente a 21 cursos e non de 15 para compensar os gastos dos cursos realizados no ano 2015.

Quinta.- Profesorado

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designará ao profesorado encargado de impartir os cursos de entre as persoas que se atopen na situación de execución provisional da sentenza e/ou firme, realizando todos os trámites legais necesarios para a súa contratación, que se realizará segundo a modalidade contractual que, en cada caso, sexa pertinente.

Sexta.- Comunicación e publicidade.

Na convocatoria dos cursos, nos anuncios e publicacións ou en calquera medio audiovisual e de comunicación, farase referencia á colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Escola Galega de Administración Pública e deberán figurar, con igual rango e consideración, os logotipos de ambas as dúas institucións.

A EGAP remitirá a programación á Consellería para que inclúa a programación na información sobre cursos de galego que se publica na web www.xunta.es/linguagalega.

Sétima.- Balance

Ao remate do exercicio, a EGAP remitirá unha memoria, por duplicado, cun balance final da actividade, que recolla o número de cursos, número de alumnos e outros datos de interese, realizados con cargo a este convenio, particularmente as enquisas de avaliación do profesorado e grado de satisfacción do alumno.

Oitava.- Expedición de certificados

O certificado de aptitude do alumnado que supere os cursos será expedido de forma conxunta pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e pola Escola Galega de Administración Pública.

Novena.- Normalización lingüística

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio faranse de conformidade coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG número 84, do 14 de xullo). Así mesmo, coidarase do respecto da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Décima. - Comisión de Seguimento.

Constitúese unha comisión para o seguimento das accións previstas neste convenio. Esta comisión estará composta polo secretario xeral de Política Lingüística, a directora da Escola Galega de Administración Pública e as persoas que ocupen o posto de xefe de servizo encargado de formación en cada unha destas institucións.

Esta comisión estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na execución

deste convenio, podendo estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira. - Comisión de Avaliación

Constitúese unha comisión de avaliación para estudar as reclamacións presentadas en relación coa cualificación outorgada nos cursos. Esta comisión estará formada polo/a subdirector/a xeral de Política Lingüística, o/a coordinador/a dos cursos de linguaxes específicas e un/unha lingüista da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A comisión emitirá un informe que servirá de base para a resolución de calquera tipo de reclamación pola EGAP.

Décimo segunda. Vixencia

A vixencia do presente convenio esténdese desde a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, agás que sexa denunciado, por escrito, por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínase o convenio por cuadruplicado no lugar e na data mencionados.

O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

A Directora da Escola Galega
de Administración Pública

Román Rodríguez González

Sonia Rodríguez-Campos González

Este convenio de colaboración foi asinado por ambas partes o día 18 de marzo de 2016